

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV02	Electromecánica de vehículos automóbiles	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0260	Mecanizado básico	2023/2024	3	107	107

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	SERGIO DÍAZ EIMIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

## **2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

Na comarca de Ferrol os alumnos teñen como saída laboral maioritariamente os talleres de mantemento de vehículos lixeiros, talleres de reparación de vehículos industriais, parques eólicos e a empresa de servizos de automoción EINSA, tendo tamén a posibilidade de traballar en tendas de recambios do automóbil, na planta de reciclaxe de automóbiles etc.

Debido a isto centrarémonos maioritariamente no mundo do automóbil lixeiro e en menos cantidade no industrial e as motos.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Metroloxía	Fundamentos de metroloxía, sistemas e instrumentos de medidas.	20	18
2	Representación gráfica	Elaboración de esbozos de pezas	30	28
3	Mecanizado manual	Técnicas de mecanizado manual: corte, tradeado, limado, roscado	30	28
4	Soldadura branda	Unións por soldadura branda	10	10
5	Construcción de útiles	Conformación de metais, unión de metais, tolerancias de medidas, mantemento de ferramentas	17	16

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Metroloxía	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Traza pezas para o seu posterior mecanizado, tendo en conta a relación entre as especificacións do esbozo e dos planos, e a precisión dos equipamentos de medida.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realizouse o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.
CA2.2 Describiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.
CA2.3 Describíronse os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.
CA2.4 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas.
CA2.5 Realizáronse cálculos de conversión de medidas entre o sistema métrico decimal e o anglosaxón.
CA2.6 Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.
CA2.7 Seleccionáronse os útiles necesarios para realizar o trazado das pezas e efectuouse a súa preparación.
CA2.8 Executouse o trazado adecuadamente e con precisión para a realización da peza.
CA2.9 Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Fundamentos de metroloxía. Sistemas de medidas.
Operacións de trazado.
Magnitudes e unidades.
Instrumentos de medida directa.
Aparellos de medida por comparación. Apreciación dos aparellos de medida.
Teoría do nonius.
Tipos de medida.
O trazado na elaboración de pezas.
Obxecto do trazado, fases e procesos.
Útiles do trazado.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Representación gráfica	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Debuxa esbozos de pezas e interpreta a simboloxía específica, aplicando os convencionalismos de representación correspondentes.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Representáronse a man alzada vistas de pezas.
CA1.2 Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.
CA1.3 Utilizouse a simboloxía específica dos elementos.
CA1.4 Reflectíronse as cotas.
CA1.5 Aplicáronse as especificacións dimensionais e as escalas na realización do esbozo.
CA1.6 Realizouse o esbozo con orde e limpeza.
CA1.7 Verificouse que as medidas do esbozo correspondan coas obtidas no proceso de medición de pezas, elementos ou transformacións para realizar.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Debuxo técnico básico. Normalización de planos. Simboloxía: normalización. Planta, alzado, vistas e seccións. Cotación. Técnicas de esbozamento.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Mecanizado manual	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Mecaniza pezas manualmente, tendo en conta a relación entre as técnicas de medición e as marxes de tolerancia das medidas dadas no esbozo e nos planos.	SI
RA4 - Rosca pezas exteriormente e interiormente, para o que executa os cálculos e as operacións necesarias.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).
CA3.2 Identificáronse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.
CA3.3 Clasificáronse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.
CA3.4 Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar.
CA3.5 Determinouse a secuencia de operacións necesarias.
CA3.6 Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.
CA3.7 Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.
CA3.8 Déronse á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).
CA3.9 Efectuouse o corte de chapa con tesoiras previamente seleccionadas en función dos cortes.
CA3.10 Respectáronse os criterios de calidade requiridos.
CA4.1 Describiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.
CA4.2 Calculouse a velocidade da broca en función do material que se vaia tradear e do diámetro do trade.
CA4.3 Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.
CA4.4 Axustáronse os parámetros de funcionamento das máquinas tradeadoras.
CA4.5 Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.
CA4.6 Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.
CA4.7 Seleccionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.
CA4.8 Seguiuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.
CA4.9 Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.

Criterios de avaliación
CA4.10 Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.
CA4.11 Descríbíronse os tipos de roscas en relación cos posibles usos no automóbil.
CA4.12 Relacionáronse os tipos de brocas cos materiais que haxa que tradear, e explicáronse as partes dunha broca ( ángulo de corte, destalonamento, etc.).

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Características dos materiais metálicos máis usados no automóbil: fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc.
Obxecto da limadura.
Uso e tipos de limas atendendo á súa forma e ao seu picado.
Técnicas de limadura.
Corte de materiais con serra de man.
Follas de serra: características e tipos; elección en función do traballo que se vaia realizar.
Operacións de serraxe.
Corte con tesoiras de chapa: tipos de tesoiras.
Procesos de corte con tesoiras de chapa.
Obxecto da tradeadura.
Normalización e representación de roscas.
Cálculos para a execución de roscas interiores e exteriores.
Medición de roscas.
Procesos de execución de roscas.
Máquinas de tradear.
Parámetros para ter en conta en función do material que se pretenda tradear.
Brocas: tipos e partes.
Proceso de tradeadura.
Escareamento.
Clases de parafusos.
Partes das roscas: tipos de roscas e o seu uso.
Sistemas de roscas.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Soldadura branda	10

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza unións de elementos metálicos mediante soldadura branda e describe as técnicas utilizadas en cada caso.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Descríbense as características e as propiedades da soldadura branda.
CA5.2 Realízouse a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.
CA5.3 Selecciónouse o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.
CA5.4 Selecciónáronse e preparáronse os desoxidantes adecuados á unión que se pretenda efectuar.
CA5.5 Selecciónáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.
CA5.6 Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.
CA5.7 Efectuouse a unión e o recheo de elementos, e comprobouse que cumplan as características de resistencia e homoxeneidade requiridas.
CA5.8 Descríbense os compoñentes dos equipamentos de soldadura branda e mais o seu funcionamento.
CA5.9 Conseguíronse as características prescritas nas soldaduras executadas.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos de soldar: soldadores e lampadiñas.
Materiais de achega.
Desoxidantes máis utilizados.
Preparación do metal base.
O estaño.
Procesos de execución de soldaduras.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Construcción de útiles	17

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Constrúe pequenos útiles adaptados ás necesidades do traballo, e avalía as condicións de manipulación e execución.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.
CA6.2 Xustificouse a solución elixida.
CA6.3 Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.
CA6.4 Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.
CA6.5 Executáronse secuenciadamente os procesos necesarios para a fabricación do útil ideado.
CA6.6 Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Conformación de metais
Unión de metais.
Tolerancias de medidas.
Mantemento de ferramentas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MINIMOS ESIXIBLES

O alumno/a deberá cumprir cos mínimos de cada unidade didáctica.

Os mínimos esixibles de cada criterio de avaliación estarán especificados de un xeito claro dependendo do instrumento de avaliación utilizado como segue a continuación:

- Nas probas escritas para acadar os mínimos esixibles o alumno deberá acadar unha puntuación de 5 ou superior.
- Nas táboas de observación os mínimos esixibles estarán especificados de xeito claro nas rúbricas usadas para a avaliación de cada actividade, e puntuarán un total de 5 puntos de 10 da rúbrica.

#### UD 1 Metroloxía

CA2.1 - Identifícanse os equipamentos de medida (calibre, Palmer, comparadores, transportadores e goniómetros) e realizouse o seu calado e a súa posta a cero en casos necesarios.

CA2.2 - Describiuse o funcionamento dos equipamentos de medida en relación coas medidas que haxa que efectuar.

CA2.3 - Describíronse os sistemas métrico e anglosaxón de medición, e interpretáronse os conceptos de nonius e de apreciación.

CA2.4 - Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para efectuar a medición e o trazado de pezas

.CA2.6 - Realizáronse medidas interiores, exteriores e de profundidade cos instrumentos adecuados e coa precisión esixida.

CA2.9 - Verificouse que as medidas de trazado correspondan coas dadas no esbozo e nos planos.

#### UD 2 Representación gráfica.

CA1.1 - Representáronse a man alzada vistas de pezas.

CA1.2 - Interpretáronse as vistas, as seccións e os detalles do esbozo, e determinouse a información contida neste.

CA1.4 - Reflectíronse as cotas.

CA1.6 - Realizouse o esbozo con orde e limpeza.

#### UD 3 Mecanizado manual.

CA3.1 - Explicáronse as características dos materiais metálicos máis usados no automóbil (fundición, aceiros, aliaxes de aluminio, etc).

CA3.2 - Identifícanse as ferramentas necesarias para a realización do mecanizado.

CA3.3 - Clasifícanse os tipos de limas atendendo ao seu picado e á súa forma, tendo en conta o traballo que vaian realizar.

CA3.4 - Seleccionáronse as follas de serra tendo en conta o material para cortar. CA3.5 - Determinouse a secuencia de operacións necesarias

CA3.6 - Relacionáronse as ferramentas de corte con desprendemento de labra cos materiais, os acabamentos e as formas que se desexen.

CA3.7 - Estudáronse e interpretáronse adecuadamente os esbozos e os planos para executar a peza.

CA3.8 - Déronselle á peza as dimensións e a forma estipuladas, aplicando as técnicas correspondentes (limadura, corte, etc.).

CA4.1 - Describiuse o proceso de tradeadura e os parámetros que cumpra axustar nas máquinas segundo o material que se tradee.

CA4.3 - Calculouse o diámetro do furado para efectuar roscas interiores.

CA4.5 - Executáronse os furados nos sitios estipulados e efectuouse a lubricación adecuada.

CA4.6 - Efectuouse o escareamento tendo en conta o furado e o elemento para embutir nel.

CA4.7 - Seleccionouse a vara tendo en conta os cálculos efectuados para a realización do parafuso.

CA4.8 - Seguiuse a secuencia correcta nas operacións de roscaxe interior e exterior, e efectuouse a lubricación correspondente.

CA4.9 - Verificouse que as dimensións dos elementos roscados, así como o seu paso, sexan as estipuladas.

CA4.10 - Respectáronse os criterios de seguridade e de protección ambiental.

#### UD 4 Soldadura branda

CA5.1 - Descríronse as características e as propiedades da soldadura branda.

CA5.2 - Realizouse a preparación da zona de unión e elimináronse os residuos.

CA5.3 - Seleccionouse o material de achega en función do material base e a unión que haxa que efectuar.

CA5.5 - Seleccionáronse os medios de soldaxe segundo a soldadura que se vaia efectuar.

CA5.6 - Efectuouse o acendido de soldadores e lampadiñas respectando os criterios de seguridade.

CA5.9 - Consegúronse as características prescritas nas soldaduras executadas.

UD 5 Construcción de útiles

CA6.1 - Relacionouse a solución construtiva cos materiais e os medios que se utilizaran.

CA6.3 - Propuxéronse solucións alternativas aos problemas expostos.

CA6.4 - Aplicáronse os procesos de conformación e de unión adecuados aos materiais utilizados na fabricación dos útiles.

CA6.6 - Analizáronse as características construtivas e de seguridade dos útiles fabricados e o seu uso nos procesos de reparación, para conseguir unha maior produtividade.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 1. Avaliación

- A avaliación do alumnado levaráse a cabo unha vez cada trimestre e nas datas que estableza a Xefatura de estudos

- A cualificación será un valor numérico sin decimais comprendido entre 1 e 10

- Para aprobar o alumno ten que obter unha cualificación igual ou superior a 5. Esta nota, como se especifica nos pesos asociados a cada criterio de avaliación, será dun 60% polas actividades prácticas que realice e o 40% da nota das probas teóricas (escritas).

### 2. Avaliación final

- Para aprobar a avaliación final o alumno deberá ter aprobadas todas as avaliacións, no caso contrario terá que recuperar as partes suspensas.

- A nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

#### 1. Avaliación suspensa

- No caso de que un alumno suspenda unha avaliación, o alumno poderá recuperar esa avaliación na avaliación seguinte.

- Os criterios de avaliación e mínimos esixibles serán os mesmos.

- Actividades de recuperación:

Repetición dos exercicios prácticos non realizados ou non superados durante a avaliación.

Recuperación das probas escritas suspensas da avaliación.

#### 2. Avaliación previa á avaliación final

-Neste caso realizarase un informe individualizado das partes (RA<sub>¿</sub>s) que non acadou o alumno. Para recuperar estas partes o alumno deberá realizar os exercicios prácticos e aprobar as probas escritas necesarias para acadar os RA pendentes. A nota calcularase reguindo os mesmos criterios de cualificación.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 10% da duración total do módulo perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria antes da terceira avaliación, para superar este módulo.

Esta proba constará de dúas partes:

- 1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do curriculum do módulo
- 2ª parte: proba práctica: o alumno fará algún o algúns dos traballos realizados polo alumno en cada trimestre

Nota: A primeira parte da proba celebrarase un único día, para superala deberase obter un 5 sobre 10.

A segunda parte poderá durar máis dun día. A nota mínima para superar esta proba será dun 5 sobre 10.

A nota final será a media das dúas notas sendo obrigatorio ter as dúas partes superadas

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Cada semana observarase se están cumprindo as expectativas da programación, podendo introducir algunha modificación na temporalización, para poder cumprir os obxectivos do módulo. Iniciarase con actividades sinxelas, encamiñadas a crear unha base sólida de coñecementos no alumnado, e ir incrementando a complexidade en función dos avances observados. Para iso, é imprescindible realizar un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe de cada alumno ou alumna.

Farase un seguimento mensual da programación e recolleranse nas actas do departamento.

Farase fincape en:

Análise dos resultados de cada proba, traballo e actividade feita na clase.

Análise dos resultados de cada unha das avaliacións

Análise dos cuestionarios de avaliación da práctica docente cubertos polos alumnos de forma anónima.

Para a avaliación da propia práctica docente terase en conta a enquisa de Satisfacción da labor docente, observando o histórico dos distintos cursos/ciclos e intentando ir solventando as reclamacións indicadas polo alumnado, tentando deste xeito ir mellorando paulatinamente a práctica docente.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Realizarase unha avaliación inicial ó comezo do curso, segundo o establecido nos procedementos de calidade recollerase unha ficha de datos do alumnado onde indica a súa procedencia en canto a estudos realizados.

Na correspondente xunta de avaliación inicial cos datos recollidos faise un posta en comun para determinar que tipo de medidas se deben adoptar (de selo caso) tanto no grupo como individualmente para homoxenizar o grupo.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para cubrir as necesidades dos alumnos con dificultades de aprendizaxe, procederase a realizar explicacións de reforzo, apoiándose en sistemas audiovisuais, visuais, etc. Sempre en colaboración co departamento de orientación para o entendemento dos contidos máis importantes das distintas unidades didácticas, facendo especial fincapé nos temas máis importantes de cada una das distintas unidades a desenrolar ó longo do curso.

Daráselles máis tempo para facer as actividades.

Deberán facer actividades de reforzo na casa.

Así mesmo, faranse distintas adaptacións curriculares segundo corresponda ós diferentes casos que acontezan durante o desenrolo do curso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Estes temas transversais son a Educación ambiental, a Educación para a saúde, a Educación non sexista, a Educación do consumidor a Educación para a paz e a Educación para a globalización.

#### Educación ambiental

O tratamento da Educación ambiental na área do mecanizado realizase como unha impregnación xeral de todo-los temas. O respecto pola natureza, fonte das principais materias primas, así como a valoración del impacto ambiental que produce a utilización dos recursos naturais, a elección das materias primas adecuadas e o seu aproveitamento o máximo, o reciclaxe de materiais e obxectos para novos usos, a xeración dun mínimo de residuos, o uso racional da enerxía, etc.

#### Educación para a saúde

Contidos eminentemente prácticos na área de mecanizado, tales como aqueles relativos a ventilación, gafas, guantes, as técnicas de uso das ferramentas e maquinaria, etc., van acompañados dunha serie de normas para evitar accidentes.

Este programa de prevención de accidentes parte da propia actividade da clase para despois ser a base do estudo de la seguridad en el entorno laboral no seu correspondente módulo. En torno a este tema central, ampliáanse determinados aspectos da seguridade e hixiene no traballo, elementos de sinalización das zoas que son perigosas, riscos profesionais (enfermidades y accidentes laborais), etc.

Outro aspecto importante relativo a Educación para a saúde centrase no estudo dos ambientes de traballo, a súa adecuada iluminación, acondicionamento ambiental, ventilación, extracción de sustancias nocivas, etc. O recoñecemento dun entorno de traballo saudable e de gran importancia para la formación de los alumnos e alumnas e seralles de gran utilidade para cando se integren no mundo laboral.

#### Educación non sexista

A maior presenza de persoas do sexo masculino nas actividades tecnolóxicas o largo da historia fai que a Educación non sexista sexa muy importante na área de mecanizado e mantemento de maquinas.

A coeducación coidarase especialmente, tanto no uso dun linguaxe neutro como na aparición de persoas de ambos sexos nos diversos ámbitos tecnolóxicos que se mostren en fotografías e debuxos. E o reparto non discriminatorio das tarefas nos equipos de traballo na aula-taller e a base para unha educación non sexista.

#### Educación do consumidor

Valoración dos produtos de consumo, baseada en criterios obxectivos, que lles permitan os alumnos diferenciar en cada produto aqueles aspectos importantes, como son as posibilidades de uso dos obxectos, a economía, a ergonomía, etc., dos mais triviais, como o envoltorio, os mensaxes publicitarios, etc.

Educación para a paz

Os contidos da área de mecanizado enfócanse dende a perspectiva dun uso pacífico dos coñecementos e avances técnicos.

Educación para a Globalización

Os contidos da area de taller intentarase dar en dous idiomas para una mellor comprensión e familiarización por parte do alumnado das distintas expresións técnicas noutros idiomas así coma de planos de traballo, etc.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non se contempla a realización de actividades extraescolares, pero podendo surxir o caso de visitas a ..... segundo a dispoñibilidade das devanditas empresas. Así coma diversas visitas a feiras tanto nacionais coma internacionais, para que os alumnos sexan conscientes da continua evolución e desenvolvemento que esta sometida esta Familia Profesional.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Unidade 0

A primeira sesión de clase dedicarase a presentación do módulo, a información sobre a programación e a avaliación inicial dos alumnos. O docente facilitará o alumnado toda a información relativa a programación do módulo, contidos, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, criterios de cualificación, metodoloxía que se empregará, procedementos para as perdas de avaliación continua. Informarase os alumnos que a programación estará publicada na biblioteca e na páxina do centro.